

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA VINTE E OITO DE SETEMBRO DE 2010, CON CARÁCTER
ORDINARIO.**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente acctal D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
Tenentes de Alcalde: D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
Escusan asistencia D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día vinte e oito de setembro de dous mil dez, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente accidental don Eloy J. Iglesias López, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior


Dáse conta da acta da sesión celebrada o sete de setembro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia num. 677/2010 de dona Esther Valdés Pereiras

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Pedro de Sarandón, solicita licenza para a canalización de auga no lugar de Cubellas.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: levaranse a cabo sen que interrompan o natural discorrer das augas, colocando un tubo de sección suficiente para permitir o paso de todas as augas e non se danará a calzada debendo deixar o pavimento nas mesmas condicións nas que estaba e a rampla quedará enrasada co vial de maneira que non sobresaia.



Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezaoito euros con tres céntimos (#18,03#)

2.2.- Instancia num. 1.364/10 de don José Varela Sánchez

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Fins de Sales, solicita licenza para proceder á parcelación da parcela num. 648 de concentración parcelaria de San Fins, emprazada en solo de expansión de núcleo rural (N-2) e solo rústico de especial protección agropecuaria (R-2) segundo o PXOM, de acordo co proxecto técnico presentado redactado polo enxeñeiro técnico don Javier Bellet Garcia

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda concederlle a licenza para a parcelación da finca num. 648, nos termos do proxecto presentado, e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesoureiría municipal, e que ascenderon á cantidade de 180,00 euros

2.3.- Instancia num. 1.363/10 de don José Varela Sánchez

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Fins de Sales, solicita licenza para proceder á parcelación da parcela num. 636 de concentración parcelaria de San Fins, emprazada en solo de núcleo rural (N-1), solo de expansión de núcleo rural (N-2) e solo rústico de protección agropecuaria (R-2) segundo o PXOM, de acordo co proxecto técnico presentado redactado polo enxeñeiro técnico don Javier Bellet Garcia

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda concederlle a licenza para a parcelación da citada finca num. 636 de concentración parcelaria de San Fins, nos termos do proxecto presentado, e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesoureiría municipal, e que ascenderon á cantidade de 240,00 euros

2.4.- Instancia num. 1.379/10 de dona Sonia Villaverde Cutrín e don Eugenio Fernández Mareque

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio no Milladoiro (Ames), solicita licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Cibrán -San Xián de Sales, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM, cunha ocupación máxima inferior ó 30% da parcela neta; num. Plantas S+B+1. Altura máxima da cornixa menor a 7,00 mts e un coeficiente inferior a 0,30 m2 de superficie edificable baixo teito por cada m2 de parcela neta, segundo o proxecto modificado presentado redactado polo arquitecto don Antonio Sabucedo Costa cun orzamento de 130.000,00 euros.

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda:

1º.- Conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado; en cumprimento do artigo 29 da lei 9/2002, deberá dotar a finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste e do sistema de eliminación de augas residuais



de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ó seu correcto funcionamento, debendo solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia. Ademais a distancia mínima da fosa séptica e pozos filtrantes respecto dos lindeiros será de 3,00 mts debendo gardar a distancia das aliñacións respecto dos viais

2º.- Asi mesmo e á vista do disposto na lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, acéptase a cesión de viais segundo o disposto na documentación presentada ó efecto.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dous mil seiscentos (#2.600,00#).

3º.- Aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares e das prescripcóns técnicas para a redacción do Plan Especial de Protección do núcleo tradicional de Ponte Ulla

Dáse conta do prego de cláusulas administrativas particulares e das prescripcóns técnicas para a adxudicación por procedemento negociado sen publicidade da redacción do Plan Especial de Protección do núcleo de Ponte Ulla, financiada con cargo á axuda concedida pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo por importe de 51.266,25 euros

A Xunta de Goberno acorda aprobar o citado prego.

4º.- Dar conta de Resolucóns da Alcaldía

4.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data trinta de agosto do ano que andamos, pola que en relación co expediente de reposición da legalidade instruído contra dona Carmen Costa Carneiro por obras de construción de cerramento en Paradela acórdase proceder ó arquivo do expediente de execución subsidiaria tramitado ó terse repostado a legalidade urbanística vixente , anulando a liquidación para a provisión de fondos aprobada.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

4.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data trinta e un de agosto do ano que andamos, pola que se aproban as facturas 10/000209 de Mapoca e a num. 10/5725 de Peycar, S.L por importe de 724,91 euros e 2.007,18 euros respectivamente, para a xustificación da subvención concedida pola Consellería de Presidencia, Admos. Públicas e Xustiza para a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil e da Consellería do Medio Rural (convenio de limpeza e desbroce de pistas e camiños forestais para a prevención de incendios)

A Xunta de Goberno dáse por enterada

4.3.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data tres de setembro do ano que andamos, relativa a expediente de limpeza da parcela num. 562, polígono 503 do plano do catastro de rústica do concello, sita en Manteles de Arriba, propiedade dos herdeiros de dona Amelia M. Vilariño Torre

A Xunta de Goberno dáse por enterada



4.4.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data seis de setembro do ano que andamos, pola que a pedimento do promotor do expediente don Manuel Martínez Carrillo, acórdase o arquivo do expediente de solicitude de licenza de actividade para Ferretería-Droguería en Galegos- Santa Cruz de Ribadulla, dado que se vai solicitar de novo axustándose ó disposto na nova normativa para obtención de licenzas.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

4.5.-Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data sete de setembro do ano que andamos, pola que desestima o recurso de reposición presentado por dona Purificación Vieites Santos contra Resolución da Alcaldía pola que se acorda a demolición de obras executadas en Outeiro -Santa Cruz de Ribadulla.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

4.6.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data sete de setembro do ano que andamos, pola que se acorda incoar expediente de reposición da legalidade urbanística respecto das actuacións ilegais que se están a levar a cabo por dona Carmen Costa Piñeiro en Paradela, consistentes na construción dun peche de parcela con postes e maia de arame.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

4.7.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e un de setembro pola que acorda proceder ó arquivo do expediente tramitado para a reposición da legalidade por mor de obras executadas por dona Carmen Gómez Sada no lugar de San Gregorio -San Mamede de Ribadulla, ó terse repostado a legalidade urbanística vixente.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

4.8.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e dous de setembro do ano que andamos, pola que en función das puntuacións obtidas e da proposta do Tribunal cualificador, ordénase a contratación de dona Yolanda Bouzón Gómez como informático para a impartición de cursos subvencionados pola Excm. Deputación Provincial.

A Xunta de Goberno dáse por enterada


4.9.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dezaseis de setembro do ano que andamos, relativa a expediente de limpeza de finca situada en Galegos - Santa Cruz de Ribadulla propiedade de don Luís Armada Comyn

A Xunta de Goberno dáse por enterada

4.10.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data 2 de setembro do ano que andamos, relativa ó cumprimento de trienios dos seguintes traballadores/as: José Antonio Gómez Souto (4º); don Juan Horacio Gómez Souto (2º); José Manuel Uzal Castro (2º); Mª. Carmen Iglesias Parada (1º); Graciela Gestoso Vázquez (2º) e Mª. Carmen Sada Carrillo (2º)

A Xunta de Goberno dáse por enterada

4.11.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e dous de setembro do ano que andamos, pola que se lle ordena a dona Dolores Iglesias Gacio , como titular da parecla num. 915 do polígono 3 do plano de catastro de rústica a



que proceda a manter a finca en condicións de salubridade, ornato público e calidade ambiental no prazo dun mes e que de non ser así adoptaranse medidas de execución forzosa consistentes na imposición de multas coercitivas .

A Xunta de Goberno dáse por enterada

4.12.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e dous de setembro do ano que andamos, pola que se lle ordena a dona Teresa González del Valle , como titular da parcela num. 829 do polígono 2 do catastro de rústica a que proceda a manter a finca en condicións de salubridade, ornato público e calidade ambiental no prazo dun mes e que de non ser así adoptaranse medidas de execución forzosa consistentes na imposición de multas coercitivas .

A Xunta de Goberno dáse por enterada

4.13.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e dous de setembro do ano que andamos, pola que en relación co expediente de limpeza e acondicionamento fincas en Paizás -Trobe, ordénase o arquivo das actuacións practicas no expediente tramitado con respecto a don Antonio Casal Pedreira e don Celestino Loureiro Tejo ó terse procedido á limpeza e acondicionamento das parcelas da súa propiedade

A Xunta de Goberno dáse por enterada

4.14.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e tres de setembro do ano que andamos, pola que se ordena o arquivo das actuacións practicadas no expediente tramitado con respecto ós herdeiros de dona Amelia Vilariño Torre ó terse procedido á limpeza e acondicionamento da parcela da súa propiedade

A Xunta de Goberno dáse por enterada

4.15.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e tres de setembro do ano que andamos, pola que en relación co expediente de reposición da legalidade tramitado por obras de construción de peche da parcela con postes de alumeadado eléctrico no lugar de Canicoba -San Mamede, executadas por don Marcelino López Tato, acórdase incoar expediente para a imposición de multas coercitivas ata o cumprimento do ordenado na R.A de data 5 de xullo de 2010 pola cuantía de 1.000, 00 euros ata lograr a execución da orde de demolición.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5º.- Outros asuntos


5.1- Solicitudes de atención domiciliaria

5.1.1.- Escrito num.1828/10 de dona Manuel Otero Cacabelos

Dáse conta do citado escrito no que o interesado, con domicilio en San Andrés de Illobre, solicita atención domiciliaria polo concepto de limpeza xeral do concello, lavado e mantemento de roupa e acompañamento para xestións

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda:

1.- Concellerlle o servizo solicitado cunha intensidade de 3 horas/semana, de luns a venres



2º.- Aprobar unha achega do usuario de 2,40 euros/hora segundo o ordenanza fiscal reguladora do citado servizo

5.1.2.- Escrito num. 1.409/10 de don Eugenio Montero Couto

Dáse conta do citado escrito no que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita atención domiciliaria para apoio para atención persoal e para a realización das tarefas domésticas.

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda:

1.- Concellerlle o servizo solicitado cunha intensidade de 15 horas/mes

2º.- Aprobar unha achega do usuario de 1,20 euros/hora segundo o ordenanza fiscal reguladora do citado servizo

5.1.3.- Escrito num. 1.413/10 de dona Cecilia Castro Blanco

Dáse conta do citado escrito no que o interesado, con domicilio en San Xián de Sales, solicita atención domiciliaria para apoio para atención persoal e para a realización das tarefas domésticas e complementarias.

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda:

1.- Concellerlle o servizo solicitado cunha intensidade de 30 horas/mes

2º.- Aprobar unha achega do usuario de 1,80 euros/hora segundo o ordenanza fiscal reguladora do citado servizo

5.2.- Comunicación num. 1420/10 da Consellería do Medio Rural

Dáse conta da citada comunicación da Consellería do Medio Rural no que solicitan a priorización de obras a incluír no PEIM 2010.

A Xunta de Goberno acorda:

1º.- Solicitar a inclusión da obra incluída no *proxecto Obras de reparación de firme en vías municipais*

2º.- Aprobar o citado proxecto redactado polo arquitecto municipal don Fernando Faya Martínez

3º.- Realizar as citadas obras por administración ó cumprirse os requisitos esixidos no artigo 24 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

Conclúe ó fio das vinte e dúas horas

